

# Biografía

## Andy Warhol

Andy Warhol naceu en Pittsburgh no ano 1928 no seo dunha familia migrante eslovaca. A súa infancia estivo marcada pola enfermidade, pasando moito tempo na cama debuxando e oíndo a radio. El mesmo recoñeceu o importante que foi esta etapa para o desenvolvemento da súa personalidade, gustos e afeccións.

Estudou arte comercial na universidade de Canergie Mellon e, en 1949, mudouse a Nova York onde traballou como ilustrador de revistas e publicista gañando certa fama cun anuncio de zapatos.

Non foi ata o ano 1960 que a súa obra comezou a facerse coñecida polo controvertida da mesma. Debuxaba obxectos da vida cotiá como as latas de sopa “Campbell” (as cales almorzaba), billetes de dólar ou botellas de bebidas. Tamén usaba elementos como recortes de periódicos, fotografías polémicas ou retratos de diferentes artistas nas súas composicións.

En 1970, foi a época na que rondaba a diferentes artistas co fin de realizar retratos dos mesmos: Mick Jagger, Lizza Minnelli, John Lennon... Tamén foi cando comezou o “art car”, sendo contratado por diferentes marcas de coche de competición para os pintar de maneira artística e rechamante. Comezou nesta década as súas famosas cápsulas do tempo onde gardaba, en caixas de cartón, obxectos da vida cotiá.

Nos 80, Warhol continúa retratando a diferentes personalidades de diversos ámbitos como Lenin e Mao Zedong e pintando detalles de cadros renacentistas empregando cores moi rechamantes para os mesmos.

Falece en 1987 por complicacións nunha operación de vesícula.



“Biografía Andy Warhol”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)